

ADENDA Á PROGRAMACIÓN DE FRANCÉS, CURSO 2019 - 2020

DEPARTAMENTO : FRANCÉS

DATA : 8 DE MAIO DE 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

3º DE ESO

| | | |
|--|----------------|--|
| ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020 | PÁXINA 3 DE 18 | CENTRO: IES PARGA PONDAL CURSO: ESO MATERIA: FRANCÉS 2ª LINGUA |
|--|----------------|--|

1. Estándares de aprendizaxe

| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
|--|--|
| <p>B1.1. Estratexias de comprensión:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema. – Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el. – Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial e puntos principais). – Formulación de hipóteses sobre contido e contexto. – Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos (acenos, entoación, etc.) – Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir do coñecemento doutras linguas e de elementos non lingüísticos (imaxes, música, etc.). – Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. | <p><u>COMPRESIÓN DE TEXTOS ORAIS</u></p> <p>SLEB1.2. Capta a información máis importante de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de maneira lenta e clara, sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado.</p> <p>SLEB1.4. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións e opinións formulados en termos sinxelos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre aspectos xerais de temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.</p> |
| <p>B2.1. Estratexias de produción:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Planificación: – Identificación do contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción. – Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa. – Execución: – Concepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais, e a súa estrutura básica. – Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados. – Expresión da mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto memorizados e traballados en clase previamente. | <p><u>PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS</u></p> <p>SLEB2.2. Desenvólvese coa eficacia suficiente en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer (horarios, datas, prezos, actividades, etc.), seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento), facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se lle repita ou repetir o dito.</p> <p>SLEB2.4. Desenvólvese de maneira simple nunha conversa formal ou entrevista (por exemplo, para realizar un curso de verán), achegando a información necesaria, expresando de maneira sinxela as súas opinións sobre temas habituais, e reaccionando de forma simple ante comentarios formulados de maneira lenta e clara, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave se o necesita.</p> |

| | |
|--|--|
| <ul style="list-style-type: none"> – Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. | |
| <p>B3.1. Estratexias de comprensión:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc. – Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva). – Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais). – Formulación de hipóteses sobre contido e contexto. – Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais, e do coñecemento e as experiencias noutras linguas. – Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. | <p><u>COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS</u></p> <p>SLEB3.3. Comprende correspondencia persoal sinxela en calquera formato na que se fala de si mesmo/a; se describen persoas, obxectos, lugares e actividades; se narran acontecementos pasados, e se expresan de maneira sinxela sentimentos e desexos, plans e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.</p> <p>SLEB3.5. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a asuntos do seu interese (por exemplo, sobre unha cidade), sempre que poida reler as seccións difíciles.</p> |
| <p>B4.1. Estratexias de produción:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas, co fin de realizar eficazmente a tarefa (reparar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.). – Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos escritos, para elaborar os propios tex-tos. – Elaboración dun borrador seguindo textos modelo. – Estruturación do contido do texto. – Organización do texto en parágrafos curtos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global. – Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto. – Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os | <p><u>PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS</u></p> <p>SLEB4.1. Escribe correspondencia persoal breve na que se establece e mantén o contacto social (por exemplo, con amigos/as noutros países), na que se intercambia información, se describen en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais, e se fan e se aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans).</p> |

| | |
|--|--|
| <p>recursos lingüísticos dispoñibles.</p> <ul style="list-style-type: none"> – Identificación de problemas, erros e repeticións. – Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación. – Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.). – Reescritura definitiva. | |
| <p>B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Sons e fonemas vocálicos. – Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións. – Procesos fonolóxicos máis básicos. – Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración. <p>B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Uso das normas básicas de ortografía da palabra. – Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas. | <p><u>COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA CULTURAL E PLURILINGÜE</u></p> <p>SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunica-tivo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas culturais que poidan existir.</p> <p>SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, agradecer, desculparse, solicitar algo, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar e traballados previamente.</p> |

Contidos imprescindibles:

As instrucións recibidas polas direccións educativas manifestan que se poderá avanzar sempre que non haxa alumnado que non o poida seguir. Como non é posible garantir isto, o departamento de Francés decide non continuar avanzando materia no que resta de curso 2019-2020. O resto do curso dedicarase a repasar e reforzar os contidos mínimos e estándares de aprendizaxe dos dous primeiros trimestres do curso 2019-2020. Polo tanto, non vai haber ampliación de contido na materia de Francés.

Aínda que a materia de Lingua francesa contribúe ao desenvolvemento de tódalas competencias clave, neste período faremos especial fincapé no desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística.

Nesta etapa de suspensión das clases consideramos as seguintes capacidades imprescindibles:

- 1) Vocabulario “Activités quotidiennes”.

| | | |
|---|----------------|---|
| ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020 | PÁXINA 6 DE 18 | CENTRO: IES PARGA PONDAL CURSO: 3º ESO MATERIA: FRANCÉS 2ª LINGUA |
|---|----------------|---|

- 2) Punto de gramática: "Pronoms COD et COI".
- 3) Vocabulario: refráns franceses.
- 4) Vocabulario: Internet.
- 5) Punto de gramática: "Comparatif et Superlatif".
- 6) Punto de gramática: "Imparfait". Formación.

| 2. Avaliación e cualificación | |
|---|---|
| Avaliación | <p>Procedementos: Farase a través</p> <ul style="list-style-type: none"> - da observación sistemática - de actividades de comprensión oral - de intercambios orais (proxectos, gravacións,) - de análise de producións escritas (redaccións, cuestionarios, actividades escritas) - e de probas específicas. <p>Instrumentos: Empréganse distintos instrumentos de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Rúbrica para probas orais Rúbrica para produción escritas Fichas de actividades Caderno de actividades Escala de observación Rúbricas para avaliación de competencias e estándares Rúbrica para a avaliación das tarefas enviadas no terceiro trimestre |
| Cualificación final | <p>O alumnado que ten a segunda avaliación aprobada, terá superado o curso. A nota final será, en principio, a da segunda avaliación, podendo mellorar en función do traballo non presencial realizado no último trimestre.</p> <p>O profesor/a de Francés valorará a nota final do alumnado coa segunda avaliación suspensa, en función do traballo non presencial realizado durante o último trimestre. En caso de que este traballo non sexa suficiente para aprobar o curso, os profesores de Francés realizarán un exame no mes de xuño, se as circunstancias o permiten. Para o alumnado que non adquirise as aprendizaxes e competencias imprescindibles nos dous primeiros trimestres do curso, proporánselle actividades que lles axuden a adquirilas e superar a materia, co obxectivo de que os alumnos e alumnas poidan continuar o seu itinerario formativo.</p> <p>O traballo desenvolvido neste terceiro trimestre será cualificado da mesma maneira para todo o alumnado:</p> <ol style="list-style-type: none"> a) Obterá un máximo de 2 puntos se entrega a totalidade das tarefas propostas polo profesor/a, perfectamente realizadas e enviadas nas datas acordadas. b) Obterá 1 punto se non cumpre algunha das condicións enumeradas no apartado anterior. c) Obterá 0 puntos se non cumpre ningunha das condicións anteriores. d) No caso de haber clases por vídeoconferencia, aplicarase o mesmo baremo. <p>A proba de xuño incluírá sólo materia do segundo trimestre, se ben terá consideración de exame final.</p> |
| Proba extraordinaria de setembro | <p>O 100% da cualificación corresponderá á proba da convocatoria extraordinaria. Inclúranse os estándares e competencias imprescindibles anteriormente referidos. Os contidos lingüísticos corresponderanse coas unidades vistas nos dous primeiros trimestres , NON se incluírán contidos de unidades posteriores a suspensión de clases presenciais.</p> |
| Alumnado de materia pendente | <p>Criterios de avaliación :</p> <p>No exame parcial que tivo lugar no mes de xaneiro de 2020, ningún alumno acadou unha nota positiva. O segundo parcial estaba programado para o mes de abril, pero non puido realizarse. Polo tanto, o departamento decide realizar unha proba de recuperación no mes de xuño, onde entrará toda a materia pendente.</p> <p>De non superar este exame, o alumnado con Francés pendente terá unha nova</p> |

| | |
|--|---|
| | <p>oportunidade en setembro. Se as circunstancias non permitisen a realización dun exame no mes de xuño, o alumnado con francés pendente non será avaliado na sesión ordinaria de xuño e terá unha nova oportunidade na avaliación extraordinaria de setembro.</p> |
| | <p>Criterios de cualificación :</p> <p>Aqueles alumnos que recolleron as fichas de actividades voluntarias na reunión levada a cabo para tal fin, poderán presentalas e teranse en conta para a nota do mes de xuño. Se non fose posible a realización dun exame no mes de xuño, as fichas voluntarias teríanse en conta para a nota do mes de setembro.</p> |
| | <p>Procedementos e instrumentos de avaliación: Farase a través :</p> <ul style="list-style-type: none"> - da observación sistemática. - de actividades de comprensión oral. - de intercambios orais (proxectos, gravacións). - de análise de producións escritas (redaccións, cuestionarios, actividades escritas). - e de probas específicas. |
| | <p>Instrumentos: Empréganse distintos instrumentos de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Rúbrica para probas orais Rúbrica para produción escritas Fichas de actividades Caderno de actividades Escala de observación Rúbricas para avaliación de competencias e estándares |

| 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) | |
|--|---|
| Actividades | Realización de exercicios a través de fichas, cancións, mini vídeos, lecturas e algún pequeno traballo para o reforzo de contidos gramaticais e de vocabulario, pero tamén a comprensión oral, comprensión escrita e a produción escrita. |
| Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade) | As tarefas e actividades desenvolvidas no terceiro trimestre enviáronse por regra xeral á páxina web e á Aula Virtual do centro. |
| Materiais e recursos | Fichas sobre un tema gramatical específico (creadas polo profesor, ou sacadas de páxinas de internet ou de libros de gramática), cancións, lecturas, caderno de exercicios ou exercicios que poden facer telemáticamente. |

| 4. Información e publicidade | |
|--|---|
| Información ao alumnado e ás familias | As tarefas e actividades desenvolvidas no terceiro trimestre enviáronse por regra xeral á plataforma de ensino de Edmodo. Tamén se traballará por videoconferencia. |
| Publicidade | Publicación obrigatoria na páxina web do centro. |